

El Progreso

Galiciae

Quintía di que o mouro galego non é sempre árabe coma o luso

Etiquetas: literatura, Lugo, moros, tradición oral, jornadas

S. J. / El Progreso (Lugo). O antropólogo pontevedrés Rafael Quintía clarexou onte que os mouros dos que falan as lendas tradicionais «non son sempre árabes», como se pensa. «O que acontece é que se fai unha transcrición literal da palabra», informou.

Este experto estivo falando sobre estes seres míticos nas Xornadas de Literatura de Tradición Oral, que se celebran en Lugo. Na sesión de onte tamén interveu o docente de Antroploxía de Comunicación na universidade lusa de Trás Os Montes Alexandre Parafita. Este profesor matizou que no seu país os mouros foron usados pola Igrexa católica para «xerar unha dicotomía, crear unha imaxe negativa dos árabes e xustificar a Reconquista».

20/10/2012